



DORES VIDAL PEÓN, concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte proposición ante o Pleno da Corporación Municipal e ante o Alcalde, en relación co MANTEMENTO DOS PARTIDOS XUDICIAIS NAS CIDADES E PRINCIPAIS VILAS GALEGAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno do PP no Estado baralla unha reforma da Demarcación de Planta que ten como previsión na Galiza un único partido xudicial por provincia, propondo un modelo en que todos os partidos xudiciais se suprimirían para os concentrar nas capitais de provincia.

Esta reforma preténdese facer sen interlocución con axentes sociais e institucionais e decántase por un modelo provincial, que faría desaparecer todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para os concentrar na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, ademais de desprazar as segundas instancias ao Tribunal Superior de Xustiza da Galiza, afastando así a administración de xustiza da cidadanía. E faíno na liña utilizada coa súa proposta de reforma da administración local: reforzar as provincias, cando se trata dunha realidade territorial superada polos cambios demográficos e institucionais nas últimas décadas.

De se aplicar unha reforma neste sentido, as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento e inaccesibilidade a un servizo público básico. O PP pretende afondar en impedir aínda máis o acceso á xustiza que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas.

De ir adiante esta proposta, cidades como Vigo, Ferrol ou Santiago de Compostela, ou vilas e concellos de dimensións relevantes que son cabeceiras de comarca veríanse privadas de contar cun partido xudicial, o cal provocaría un auténtico caos e empeoraría o servizo á cidadanía. A xustiza encareceríase, sería menos accesíbel, e obrigaría as persoas afectadas a continuos traslados a capitais de provincia coas consecuentes perdas de tempo, desembolsos económicos e demais trastornos.

O BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza na Galiza, cando é evidente que o camiño non é o da redución de xulgados. De feito, precísanse máis xulgados, mesmo unha revisión da demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que se implanten sobre todo novos xulgados en cidades e vilas que experimentaron aumentos poboacionais significativos.

O centralismo, como vemos, non é o camiño adecuado para mellorar o servizo público de xustiza. O monopolio do Estado non pode obviar que este servizo ha de estar relacionado con outras administracións e institucións, e que mesmo a dotación de medios materiais depende nunha parte importante, no noso caso, da Xunta de Galiza. Por iso, para que a administración de xustiza estea mellor coordinada con outras estratexias de reforma e mellora administrativa, debe camiñarse cara á transferencia da competencia sobre a demarcación e planta xudicial a Galiza.

Ao taxazo xudicial e á pretensión de reformar os Rexistros Cívís, que auguran o rumbo privatizador do goberno do PP no Estado, hai que lle acrecentar agora esta nova agresión ao dereitos dos galegos e das galegas a un servizo público fundamental como é a xustiza.


Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a

- Retirar a proposta do Ministerio de Xustiza para establecer un único partido xudicial en cada capital de provincia, porque eliminaría os partidos xudiciais de cidades e vilas galegas de importancia.
- Impulsar unha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia á Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e nos concellos de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.
- Acometer unha racionalización da xustiza fundada nos criterios de respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía e unha maior accesibilidade desprovista de custos engadidos.

Ribeira, 11 de xuño de 2013



Asdo.: Dores Vidal Peón